



II ENCONTRO DE ALUMNOS DE MÚSICA DE SECUNDARIA E BACHARELATO DE GALICIA

26 DE ABRIL, ÁS 11,00 HORAS. AUDITORIO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

A finalidade deste encontro é que o alumnado de música de ESO e Bacharelato de Galicia dea a coñecer o traballo que realiza na clase, así como fomentar a convivencia entre alumnos e profesores de música dos centros galegos, e aportar ideas para enriquecer o ensino musical de Galicia nestes niveis educativos.

“II ENCONTRO DE ALUMNOS DE MÚSICA DE SECUNDARIA E BACHARELATO DE GALICIA”

BASES

- 1 Este **II ENCONTRO** está destinado a todo o profesorado de música de Galicia, socio ou non de ASOMÚSICA.
- 2 O tema do ENCONTRO deste ano é **“A MÚSICA GALEGA”**
- 3 O prazo de inscrición rematará o venres 1 de marzo.
- 4 En caso de que houbese moitas solicitudes de participación neste **II ENCONTRO**, seleccionaríanse os centros por orde de inscrición ata completar as prazas de que dispón o Auditorio.
- 5 Cada centro poderá presentar ata 45-50 alumnos.
- 6 Interpretaranse **un ou dous temas por centro**. Poderán ser obras vocais e/ou instrumentais que se realicen en clase.

Se hai alumnos que toquen instrumentos clásicos, de rock etc, deberán facelo cos demais compañeiros da súa clase, ou cun grupo de alumnos de nivel heteroxéneo formado polo profesor para este Encontro. Se hai algunha proposta para a interpretación dunha peza exclusivamente tocada por estes alumnos, deberá ser comunicada previamente á organización do ENCONTRO. O mesmo cabe dicir para outro tipo de interpretacións, como danza, por exemplo.

Contéplase tanto a utilización de vídeos de creación escolar, onde a música sexa o eixe central, como vídeos sacados de internet que se proxecten durante a actuación dos grupos.

- 7 Un alumno de cada centro fará de presentador do seu centro e dos seus compañeiros, así como dunha breve descrición dos temas a interpretar. Antes do día do concerto, enviaremos, por correo electrónico, un guión con todos os detalles do Encontro aos centros participantes.
- 8 O IES VILALONGA proporcionará dous xilófonos e metalófonos baixos, dous xilófonos e metalófonos contraltos, dous xilófonos e metalófonos sopranos, dous carrillóns soprano e dous carrillóns contralto (se algún centro precisa algún instrumento de láminas máis deberá comunicarllo á organización). Os instrumentos de pequena percusión traeraos cada centro debidamente identificados. No Pazo dispoñemos de teclado e megafonía.
- 9 Despois do ENCONTRO celebraremos un xantar nun lugar ao aire libre previamente escollido e preparado pola Organización. Os participantes deben traer a súa propia comida.

NOTA. Entendemos que ao encontro debería ir o alumnado que destaque polo seu comportamento e traballo na clase de música, para que sirva de aliciente para eles, para mellorar as clases, e para que a xornada se desenvolva da mellor maneira posible.